



lanzadeXras
tema 7: xestión
módulo 27
fiscalidade



XUNTA
DE GALICIA



tema 7: xestión

módulo 27

semana 7 | día 3

lanzadebras



lánzate á aventura de emprender

índice do módulo

ÍNDICE TEMÁTICO

semana 1 | identidade

semana 2 | persoas

semana 3 | habilidades

semana 4 | estratexia

semana 5 | mercadotecnia

semana 6 | creatividade

semana 7 | xestión

semana 8 | marca persoal

semana 9 | comunicación

ÍNDICE MODULAR

módulo 25 | a tempo

módulo 26 | finanzas

módulo 27 | fiscalidade

módulo 28 | constituíe

ÍNDICE DO MÓDULO

resumo teórico | páxina 04

GramolaEmprendedora



Escoita
Vertigo
U2

tema 7: xestión

módulo 27

semana 7 | día 3

lanzadebras

o imprescindible para lanzarse á piscina

resumo

OBRIGAS DO RÉXIME XERAL

Consiste en repercutir aos clientes o IVE que corresponda e pagar aos provedores igualmente o IVE correspondente.

Calcúlase e no seu caso ingrésase a diferenza entre o IVE devengado, é dicir, repercutido a clientes, e o IVE soportado deducible, o que repercuten os provedores.

Obriga a expedir e entregar factura completa aos seus clientes e conservar copia; a esixir factura dos seus provedores e conservala para poder deducir o IVE soportado; a levar os libros rexistro de facturas expedidas, recibidas, bens de investimento e operacións intracomunitarias e a presentar as declaracións periódicas que correspondan.



tema 7: xestión
módulo 27
semana 7 | día 3

lanzadebras

o imprescindible para lanzarse á piscina

resumo

OBRIGAS DO RÉXIME SIMPLIFICADO

É un réxime que só se pode aplicar a persoas físicas ou entidades en réxime de atribución de rendas, para determinadas actividades publicadas polo Ministerio de Facenda e sempre que o volume de ingresos e compras non supere determinados límites establecidos.

En xeral, a contía dos módulos calcúlase multiplicando a cantidade asignada a cada módulo pola media do número de unidades empregadas, utilizadas ou instaladas nunha actividade durante o ano.

A cota devengada calcúlase sumando os importes correspondentes aos módulos previstos para cada actividade e deducíndose as cotas soportadas pola adquisición de bens e servizos e o 1% de cotas soportadas en concepto de difícil xustificación.

Obriga ao empresario para levar un Libro Rexistro de facturas recibidas, a conservar os xustificantes dos índices ou módulos aplicados e a presentar as declaracións periódicas que correspondan. En xeral non obriga a emitir factura polas actividades realizadas.

tema 7: xestión

módulo 27

semana 7 | día 3

lanzadebras

o imprescindible para lanzarse á piscina

resumo

O RECARGO DE EQUIVALENCIA

Aplicase aos comerciantes polo miúdo que sexan persoas físicas ou entidades en réxime de atribución de rendas, é dicir comerciantes que vendan directamente ao consumidor final sen someter os produtos a procesos de fabricación ou elaboración.

Ao realizar as compras dos devanditos produtos o comerciante paga o IVE e unha recarga en función do tipo de IVE dos devanditos produtos, polo que despois non estará obrigado a presentar declaración (salvo que realice adquisicións intracomunitarias).

En xeral soamente está obrigado a acreditar fronte aos provedores que están no réxime de Recarga de Equivalencia.

tema 7: xestión

módulo 27

semana 7 | día 3

lanzadebras

o imprescindible para lanzarse á piscina

resumo

O IRPF E A SÚA ESTIMACIÓN

Dentro da estimación directa temos que distinguir a directa normal e a directa simplificada. Estarán en directa normal aqueles contribuíntes que teñan un volume de vendas superior a 600.000 € ou que renunciaren á directa simplificada. Estarán en directa simplificada aqueles contribuíntes que renunciem a estar en estimación obxectiva e teñan vendas inferiores a 600.000 €.

Con carácter xeral o rendemento calcúlase pola diferenza entre os ingresos e gastos, aplicando, con algunhas matizacións, a normativa do Imposto sobre Sociedades.

É un réxime que só se pode aplicar a persoas físicas ou entidades en réxime de atribución de rendas, para determinadas actividades publicadas polo Ministerio de Facenda e sempre que o volume de ingresos e compras non supere determinados límites establecidos.

En xeral o rendemento neto calcúlase multiplicando os importes fixados para os módulos, polo número de unidades do mesmo empregadas, utilizadas ou instaladas na actividade, ou ben multiplicando o volume total de ingresos, incluídas as subvencións correntes ou de capital e as indemnizacións, polo índice de rendemento neto que corresponda cando se trate de actividades agrícolas, gandeiras e forestais.

tema 7: xestión

módulo 27

semana 7 | día 3

lanzadebras

o imprescindible para lanzarse á piscina

resumo

O IVE

O IVE é un imposto indirecto que grava o consumo por tanto recae no consumidor final de produtos e servizos.

Os empresarios/as son os encargados de cobrar este imposto aos consumidores e de ingresar as cotas.

Como? Ao facturar as súas vendas cobran o IVE correspondente e ao comprar pagan tamén o seu IVE correspondente. Ao finalizar o mes ou o trimestre (segundo o caso) calculan o total do IVE devengado e a esta cantidade réstanlle o IVE pago e ingresan a diferenza.

IMPOSTO DE SOCIEDADES

É un imposto directo que grava as rendas das sociedades e demais persoas xurídicas (asociación, fundación,...).

En xeral calcúlase pola diferenza entre ingresos e gastos e obriga ao empresario a levar unha contabilidade axustada ao Plan Xeral Contable así como a levar libros de inventario e contas anuais e libro diario.

tema 7: xestión

módulo 27

semana 7 | día 3

lanzadebras

o imprescindible para lanzarse á piscina

resumo

OBRIGAS FORMAIS E DE LIBROS

A obriga varía en función do tipo de empresario e do tipo de actividade que desenvolve.

En xeral os empresarios están obrigados a levar libros rexistro de facturas emitidas, recibidas, bens de investimento e operacións intracomunitarias.

Se ademais son persoas xurídicas teñen a obriga de levar libros de inventario e contas anuais e libro diario. En ambos os casos estes libros deben ser conservados durante seis anos desde o último apuntamento realizado.

OUTROS PAGOS A CONTA

Un empresario pode ter outros pagos a conta por rendementos do traballo, por rendementos de alugueiros de inmobles ou por rendementos de alugueiro de negocio.

En todos os casos, a cota ingresarase trimestralmente e esta calcularase en función dos tipos que estableza o Goberno.

Como se calcula? Do pago que temos que realizar, ao traballador ou arrendador polos seus servizos se detrae un importe que o empresario ingresará en Facenda a conta do devandito traballador ou arrendador.

